



UNIVERSIDADE  
DE VIGO,  
ESPAZO LIBRE  
DE VIOLENCIAS  
MACHISTAS

2 0 2 4

# MUNDO DE HOMES

---

UniversidadeVigo

Unidade  
de Igualdade

+34 986 813 419  
igualdade@uvigo.gal

Edificio Ernestina Otero  
Campus universitario  
36310 Vigo





«Se o feminismo foi a gran revolución do século xx, o cambio do home podería ser unha das máis importantes revolucións sociais do século XXI»

Victoria Sau en *Nova(s) paternidade(s)*

# UN MUNDO DE HOMES

«Ti serás viril, meu neno.


Non quero ver ningunha bágoa  
esvarando sobre esa boca heroica»

Inicio da canción *Kid* de Eddy de Pretto

A masculinidade é un campo de estudo menos analizado que a feminidade porque ser home aínda é considerado, habitualmente, como un termo neutro e un modelo de referencia. Pero o certo é que o xénero —o conxunto de valores, roles, comportamentos, actitudes e expectativas que cada cultura adxudica a unha persoa en función unicamente de ter nacido cun sexo ou outro— condiciona a vida de todas as persoas.

A masculinidade hexemónica ou patriarcal é unha construción social que xunta os trazos, atributos e condutas que se esperan dun home nunha cultura e nun momento histórico determinado. Tamén establece todo un sistema de regras que deben cumprir para ser un «verdadeiro home» - forte, con éxito, con posesións materiais - e as sancións sociais que recibe quen se afasta destas normas.

No sistema xerárquico e desigual en que vivimos, a masculinidade patriarcal é a categoría dominante sobre outras construcións de xénero e esa posición supón vantaxes e privilexios. Aínda que tamén ten efectos negativos —inseguridade, dificultade para soste as emocións propias e alleas, redes de apoio fráxiles, violencia



cara eles e cara o seu entorno, problemas de saúde, menor esperanza de vida— non podemos esquecer que a masculinidade patriarcal como estrutura ideolóxica está construída por e para beneficiar aos homes, por máis que este estereotipo cada vez ten máis detractores que elixen non exercer o poder nas súas relacións e renunciar aos privilexios patriarcais.



# NON ES TI, É O PATRIARCADO

«A nova masculinidade pensa contra si mesma e permite depurarse con un certo brío, un certo orgullo polo aniquilamento, cansada de tropezar en si mesma e deixar por memoria un océano de sangue por onde navega sempre o poder.»

Jorge García Marín en *Novas masculinidades. O feminismo a (de)construír o home*

Que pasa cos homes respecto á orde social patriarcal e aos avances do feminismo?

O interese por analizar e coñecer esta dimensión do xénero fixo que, a partir da década de 1980, se desenvolverán estudos especializados na masculinidade inspirados polo traballo previo dos estudos de xénero, estudos feministas e das mulleres, os estudos sobre a homosexualidade e a loita polos dereitos civís que puxeron de manifesto a crise da «masculinidade branca heterosexual» hexemónica.

Os Estudos da Masculinidade —tamén coñecidos como Estudos Críticos da Masculinidade, *Men's/Masculinity/Masculinities Studies*— afirman que non existe un só modelo de home universal e permanente, polo que non se pode falar de masculinidade, en singular senón de masculinidades, xa que como o resto de construcións culturais, as formas de definila varían no tempo e no espazo.

Estas propostas tamén querían dar resposta aos movementos «masculinistas» conservadores que estaban a reaccionar



contra os avances do feminismo. En España os estudos sobre homes e masculinidades son un campo recente, non institucionalizado, multi e interdisciplinar. Algúns autores aos que procurar son Joan Sanfélix, Josep Armengol, Lionel Delgado, Hilario Sáez, Miguel Lorente, Pepe Cabido ou Jorge García Marín.



# FEBREIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
5	29	30	31	1	2	3	4
6	5	6 <small>Día Internacional contra a Mutilación Xenital Feminina</small>	7	8	9	10	11 <small>Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia</small>
7	12	13 <small>Martes de Entroido —Festivo local en Ourense e Vigo</small>	14* <small>Mércores de Cinza —Festivo local en Pontevedra</small>	15	16	17	18
8	19	20	21	22 <small>Día Europeo da Igualdade Salarial</small>	23	24	25
9	26	27	28	29	1	2	3

## Suxestión

Hai dous posgraos que atenden á cuestión da masculinidade: o Especialista Universitario en Masculinidades, Xénero e Igualdade da Universidad Miguel Hernández e o Especialista en Xénero, Masculinidades e Acción Social que coordinan a UCM, a UPV-EHU, Promundo e a Fundación Cepaim.

\*14: Día Europeo da Saúde Sexual

# MASCULINIDADES TRASCULTURAIS

«O noso concepto de masculinidade parece ser un produto histórico bastante recente, ao máximo uns centos de anos de antigüidade.»

Raewyn W. Connel no estudo *La organización social de la masculinidad*



O patriarcado non é unha especie de «orde natural das cousas», non sempre prevaleceu e, de feito, pode desaparecer co paso do tempo. Non existen verdades transhistóricas ou transculturais en relación co xénero, toda orde sociosexual é un produto socio-histórico e continxente. A etnografía da sexualidade no mundo mostra unha increíble diversidade e, neste senso, son relevantes os traballos de antropólogas coma Oieronke Oyewumi e Margaret Mead.

Tamén os estudos de Peggy Reervers que no seu libro *Female Power and Male Dominance: On the Origins of Sexual Inequality*, considera que toda sociedade desenvolve patróns simbólicos para guiar previsibles comportamentos en relación cos humanos, co medio e con outros seres vivos. A partir da análise do traballo etnográfico comparativo a través do estudo de 186 sociedades (Murdock e White, 1969), conclúe dúas tipoloxías:

– As «sociedades de orientación exterior»: aquelas onde a súa identidade ou existencia está en perigo e que confían na agresividade asociada á masculinidade para defenderse.

– As «sociedades de orientación interna»: aquelas nas que as mulleres teñen un importante predominio e onde a sexualidade e a maternidade son valoradas positivamente.

Para achegarnos a formas sociosexuais diversas podemos procurar información sobre a crianza comunal en sociedades matrilineais chinesas, o matriarcado do pobo Minangkabau ou a crianza e os coidados dos pais nos pimeos Aka.





# OS HOMES QUE AMA(BA)N ÁS MULLERES


«Adiántate e remata os teus escritos,  
eu acabo a cea e lavo os pratos.»

Max Eastman á súa compañeira sufraxista Ida Rauh en 1910

Ao longo da historia houbo homes que si amaban as mulleres e que foron quen de consideralas unhas iguais, de camiñar xunto a elas e con elas, pese a vivir en sociedades patriarcais. Pensadores clásicos como Sócrates, discípulo da mestra Diotima de Mantinea, ou Pitágoras—influenciado na súa obra pola sabía Temistoclea e a súa compañeira Theano de Crotona quen desenvolveu o teorema sobre a proporción áurea—relacionáronse coas mulleres como compañeiras, amigas, colegas e mestras.

Outros homes defenderon publicamente dende hai tempo atrás que as mulleres tivesen os mesmos dereitos que eles tiñan. É o caso do escritor e clérigo François Poulain de la Barré—que a finais do século XVII afirmou que o cerebro humano non ten sexo e que, por tanto, todas as persoas poden acceder de igual modo ao coñecemento—ou do frade Bieito Xerónimo Feijoo que publicou en 1726 a *Defensa de las mujeres*.

Outros persoeiros e momentos históricos a procurar son o Marqués de Condorcet na Revolución Francesa, o filósofo reformista indio Ram Mohan Roy, o abolicionista do sistema escravista, Frederick Douglass, o



filósofo británico John Stuart Mill, o xurista exipcio Qasim Amin ou o activista estadounidense Max Eastman. Tamén organizacións coma a *Men's League for Women Suffrage* fundada en 1910 ou os deputados que apoiaron o dereito ao voto das mulleres e a Clara Campoamor na II República.



# O HOME DE VERDADE É UNHA FICCIÓN


«A máscara da masculinidade é unha máscara que me está desgastando (...) Ese é o porqué de que nunca vexas ao teu pai chorar.»

Fragmento da canción *Samaritans* de Idles

Os homes viven unha forma de dominación patriarcal que lles impón un concepto pechado de masculinidade única e excluínte. Este canon estendeuse a través das representacións culturais que ofrecían un modelo de como debía comportarse un home de verdade, un personaxe que simplificaba a realidade xeralizando esa imaxe de masculinidade normativa, presentado como rol dominante e protagonista.

Nos últimos anos, o foco dos estudos desprazouse en parte das ciencias sociais e do comportamento á literatura, as humanidades e as artes para analizar a representación cultural. O uso de estereotipos é necesario para facilitar a construción de personaxes e tamén para facilitar a identificación do público. Por iso resulta moi significativo o papel do cine por ser unha industria historicamente masculina, onde a presenza hexemónica da masculinidade é total. As tipoloxías máis comúns que nos atopamos, con variacións, son: o macho, o sedutor, o guerreiro, o heroe, o indomable ou o vilán.

Nestas décadas estes personaxes evolucionaron e vemos como se van incorporando outros elementos e



complexidades como a preocupación pola imaxe, as novas formas de relacionarse, as tramas que os sitúan no ámbito privado ou os antiheroes (perdedores, *frikis*, *geeks*, os NPC dos videoxogos) como protagonistas. As obras culturais que se afastan da universalización do masculino serven para fomentar cambios sociais e de mentalidade, xa que cuestionan a ideoloxía patriarcal sobre a masculinidade e ofrecen outros referentes tan necesarios.




# A MÍSTICA DA MASCULINIDADE... BÉLICA

«En contradición coa idea de que a guerra excita aos homes, expresa a súa masculinidade innata ou dálles unha ocupación que os enche de plenitude, toda evidencia indica que a guerra é algo que as sociedades impoñen aos homes, quen a maioría das veces necesitan ser arrastrados a ela pola forza; unha vez aí ténselles que disciplinar e aplicar lavados de cerebro en forma constante e despois ténselles que premiar e honrar. A guerra é o inferno.»

Joshua S. Goldstein en *War and Gender*

As guerras someten a altos graos de sufrimento a poboación a través da violencia perpetrada por exércitos e son un dos espazos onde se modela e se reproduce a masculinidade patriarcal máis violenta. Nas guerras, os homes teñen un protagonismo principal pola súa presenza maioritaria nos postos políticos desde onde se deciden e porque son quen forman maioritariamente os exércitos.

Todo un sistema bélico que constitúe un cuantioso capital e que precisa reforzar constantemente a súa necesidade de poder e dominio. Nesta concepción prevalecen a eliminación do inimigo, a conquista do territorio e —segundo analiza en diferentes informes a ONU— a violencia sexual contra mulleres e nenas é habitual nos conflitos e ata se utiliza como táctica de guerra. Xa o sinalaba Simone de Beauvoir: «Non é dando a vida, senón arriscando a propia vida, como o home se eleva por



encima do animal; por iso se lle concedeu a superioridade na humanidade non ao sexo que enxendra, senón ao que mata».

Paralelamente, hai unha traxectoria de pacifismo a través da oposición á guerra, á utilización da violencia para alcanzar un fin ou aos exércitos. No contexto do estado español, temos referencias como as protestas contra a política de bloques militares e fronte á participación na guerra do Golfo ou as persoas que se mobilizaron a través da insubmisión e a desobediencia civil e que conseguiron o fin do recrutamento forzoso. Unha historia que en Galicia recolleu César Goldi no proxecto de teatro documento *Goldi libre, autoretrato dun insubmisio preso nos cárceres de Feliçe Gonzalez*.





# BACKLASH ANTIFEMINISTA


«A ira do home branco brota da potente fusión de dous sentimentos: a superioridade e o vitimismo (...) nítrense do que denomino un sentimento de 'agravio comparativo': a sensación de que aquelas vantaxes ás que crías ter dereito fóronche arrebatadas por parte de forzas anónimas máis amplas e poderosas.»

Michael Kimmel en *Hombres (blancos) cabreados*

*Backlash* é o nome que recibe a reacción negativa, ás veces violenta, fronte aos avances do feminismo. Unha «refundación do patriarcado» a través de organizacións de ultradeireita e da manófera, consentida polos xigantes tecnolóxicos que non teñen ningún problema en monetizar a misoxinia.

Varios estudos (DiMuccio e Knowles, 2020; Proyecto Una, 2019) alertan de que hai homes preocupados por non cumprir cos estándares masculinos hexemónicos, que no lugar de romper con ese modelo, canalizan esa crise de masculinidade, cara a posturas neomachistas e reaccionarias.

A reacción antifeminista aléntase tamén na industria da pornografía e na do entretemento —por exemplo nos filmes ou vídeos de cuadrillas de homes que se divirten abusando de mulleres— e coa cultura 'bro'. Tamén a través dos *boy clubs*, que actúan coma un modo de validación homosocial exclusiva e excluínate. Isto acontece mesmo en espazos de traballo como analiza Emily Chang en *Brotopia: Rompendo o Boys Club de Silicon Valley* e segundo a canadense Martine Delvaux,



autora de *Los boys club: por que los hombres siguen dominando el mundo*, a sociedade baséase nas mulleres para o traballo invisible mentres nos gobernan clubs de homes que, non podemos ver, pero están en todas partes.



# O MALESTAR QUE NON TEN NOME

«Unha das propostas máis revolucionarias que podemos facermos para transformar o mundo é que os homes loiten por ter o tempo e as condicións necesarias para a crianza e os coidados».


Coral Herrera Gómez en *Hombres que ya no hacen sufrir por amor*

Rita Laura Segato sinala, no libro *Contrapedagogías de la crueldad*, que o que ela chama «patriarcado moderno» require dunha «pedagoxía da masculinidade», que aposta pola insensibilidade e o bloqueo da empatía, fronte á «pedagoxía do coidado», que favorece a empatía, a reciprocidade e a solidariedade. Así, esa masculinidade normativa é un lugar de descoido: nin coidan, nin se coidan.

Podería haber unha relación entre as fendas de coidados e as violencias machistas?

Segundo o estudo *Desigualdades de género en el trabajo remunerado y no remunerado tras la pandemia* do Observatorio Social da Fundación La Caixa, as mulleres seguen a ser as principais responsables das tarefas domésticas e coidados. Das 43 horas de media semanais non remuneradas que lles dedican, 30 son para o coidado das crianzas e 13 para o traballo doméstico. Das 28 horas que dedican os homes, 19 son para o coidado e 9 para as tarefas.

O vínculo entre as fendas de coidados e as violencias machistas sinálase en traballos como o feito en Noruega por Øystein Gullvåg



Holter ou o das expertas Bakea Alonso e Beatriz Ranea. Esta hipótese xa se está a desenvolver en proxectos como PARENT —*Envolvendo Homens na Paternidade, Cuidados e Saúde Materno-Infantil*— xa implementado e avaliado en diversos contextos mundiais e vinculado ao equipo do Observatório Masculinidades.pt do CES de Coimbra.



# O MACHISMO PREXUDICA SERIAMENTE A SAÚDE... DOS HOMES

«Se ben a violencia (masculina) constitúe un dos principais problemas da sociedade contemporánea, a estreita relación entre masculinidade e violencia naturalizouse de forma recorrente e, por tanto, non é suficientemente analizada».

Josep M. Armengol en *Reescrituras de la masculinidad*.

O privilexio masculino resulta unha trampa para os propios homes, pois eles vense obrigados, polos mandatos patriarcais, a afirmar en todo momento a súa virilidade, é dicir, a súa capacidade reprodutiva, sexual e social así como unha actitude de combate e de exercicio da violencia. Iso, segundo Pierre Bourdieu, é unha carga: «todo contribúe así ao imposible ideal de virilidade o principio de inmensa vulnerabilidade».

Os estudos apuntan que os homes viven 7 anos menos que as mulleres; que acoden menos ás consultas médicas; que teñen maior índice de abuso de alcohol; que en 2020 o 74 % das persoas que se quitaron a vida eran homes; que máis do 80 % das persoas que falecen por consumo de drogas son homes; que son os que teñen maior taxa de fracaso escolar e en abandono prematuro do sistema educativo; que representan o 93 % das persoas presas nos cárceres ou que o 94,5 % das condenas por homicidio son a homes.



As políticas de xénero que traballan sobre masculinidades, aínda que son incipientes, están incorporando xa medidas contra o abandono escolar, centrándose na saúde para reducir a mortalidade preventiva, buscando fórmulas para mellorar as condicións de vida e incidindo na prevención de riscos laborais, que é outro ámbito onde perden máis a vida




# HOUSTON, TEMOS UN PROBLEMA

«Na maioría de ocasións percíbese ao mozo adolescente máis como un machista en potencia, que como un posible home igualitario. Esta percepción é o principal problema.»

Antonio Martínez Cáceres en *La nueva masculinidad adolescente. Un aprendizaje desde el fracaso.*

O *Barómetro Juventud y Género 2021* avisa dunha realidade moi preocupante: entre 2019 e 2021 duplicouse o número de mozos de entre 15 e 29 anos que cren que a violencia de xénero é un invento ideolóxico. Neste grupo aumentou a opinión de que esta violencia é inevitable, habitual, e que se é de 'pouca intensidade', non debería ser considerada como un problema mesmo xustificándoa no caso de consumo de substancias (23,5 %) ou de rupturas ou problemas de parella (18,3 %). Mentres que as mulleres seguen sendo moito máis conscientes das desigualdades de xénero - entre a poboación xeral un 72,9 % considera que son grandes ou moi grandes —entre os homes os datos descenden de forma moi preocupante: 1 de cada 10 considera que non existen desigualdades de xénero en España.

Dándolle a volta a estes datos, o *Informe Juventud en España 2020*, realizado polo INJUVE, reflexa que 9 de cada 10 mozas e case 8 de cada 10 mozos consideran que a violencia de xénero é un dos problemas sociais máis importantes e que inclúen a igualdade entre os tres valores que máis lles interesan xunto ao traballo e a educación.



È importante, por tanto, considerar potencialmente a todos os mozos e homes como persoas igualitarias e ofrecer referentes visibles de homes feministas.



# OUTUBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
39	30	1	2	3	4	5	6
40	7	8	9	10	11 <small>Día Internacional das Nenas</small>	12 <small>Día do Pilar</small>	13
41	14	15 <small>Día Internacional das Mulleres Rurais</small>	16	17	18	19	20
42	21	22	23	24	25	26 <small>Día Internacional da Intersexualidade</small>	27
43	28	29	30	31	1	2	3

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

## Suxestión

*El continuo de la implicación masculina. Un modelo conceptual para implicar a los hombres en la prevención de las violencias machistas y promover la igualdad de género, un proxecto de Rus Funk e Conexus.*



# INSTRUCCIÓN PARA DESACTIVAR SEÑOROS


«Os homes deben ter unha visión clara de que podería ser unha masculinidade feminista. Como transformarse en algo que non podes imaxinar?.»

bell hooks en *O feminismo é para todo o mundo*

Para construír un novo paradigma afectivo/sexual igualitario, humano e libre de violencias é preciso poñer a VIDA no centro. A antropóloga Margaret Mead sinalou como o primeiro signo civilizador dunha sociedade un fémur roto curado. É dicir, a cooperación e o coidado dentro do grupo humano.

Que o feminismo se estenda entre toda a sociedade implica que os homes muden os espazos de masculinidade onde hai maior impunidade ante o machismo: chats de homes, deporte e comunidades de e-sports etc. A importancia e relevancia adquirida non só a nivel estatal senón internacional das demandas das xogadoras da selección feminina e do hashtag en apoio a Jenni Hermoso #SeAcabó dan boa conta da urxente necesidade de cambio que hai, por exemplo, no ámbito deportivo profesional.

Debemos instalar outra «gramática da socialidade» feminista, que desmonte o mandato de masculinidade hexemónica cruel e letal e se inicie un novo contrato sociosexual a través da senda dos afectos e dunha pedagogía dos coidados, que traballe a favor da igualdade, dos dereitos humanos e da xustiza social. Que podemos facer?



— Informar, sensibilizar e previr. É necesario educar na empatía e na solidariedade colectiva, implicar activamente aos homes nas políticas de xénero e reducir o impacto e visibilidade dos estereotipos negativos.

— Crear referentes propios, incidir na implicación masculina nos coidados e animar a practicar o *bromance*: un neoloxismo que se empeza a utilizar para definir as amizades entre homes máis físicas e próximas.

— Recoñecer a capacidade dos homes para transformar as relacións e remarcar a súa responsabilidade nos vínculos que establecen.

— Entender que non hai un só home, que os homes están atravesados por moitas outras cuestións (idade, procedencia, clase social, orientación sexual etc.) e que teñen que deseñarse tamén accións específicas segundo a quen vaian dirixidas.

# NOVEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
43	28	29	30	31	<b>1</b> <small>Día de Todos os Santos</small>	2	<b>3</b>
44	<b>4</b>	5	6	7	8	9	<b>10</b>
45	<b>11</b> <small>San Martiño — Festivo local en Ourense</small>	12	13	14	15	16	<b>17</b>
46	<b>18</b> <small>Día Internacional das Persoas LGBTQI+ na Ciencia</small>	19	<b>20</b> <small>Día Internacional da Memoria Trans</small>	21	22	23	<b>24</b>
47	<b>25</b> <small>Día Internacional contra a Violencia Machista</small>	26	27	28	29	30	1

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---


### Suxestión

*Guía Básica del Buen Aliado*. Recurso do Instituto para el Desarrollo de Masculinidades Anti Hegemónicas



# FEMINISMO PARA TODO O MUNDO

ESCOIITA AQUÍ  
AS CÁPSULAS  
SONORAS ↓



Cal é o papel dos homes na loita pola igualdade? Esta é a pregunta que se fai o experto en masculinidades e profesor de secundaria Xosé Cabido, ao fío da proposta que a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo lle fai para participar neste almanaque: enviar unha cápsula sonora para falar «de home a home».

Xunto a el, seguindo o enlace do QR que incluímos neste mes de decembro, outras voces reflexionan sobre cal é a responsabilidade de cada un na reprodución do inxusto sistema patriarcal no que vivimos, sobre como promover masculinidades coidadoras, sobre o reto e a importancia de educar en igualdade e ofrecer outros modelos á masculinidade hexemónica para as novas xeracións, sobre como baleirarse de condutas preconcebidas tóxicas ou

violentas ou sobre como se constrúe a masculinidade misóxina que, como sinala o axente pola igualdade Joshua Alonso Mateo, afecta tamén a vida dos homes.

Para Xosé Mahou, PDI na Universidade de Vigo, precisamos un «novo contrato social fundamentado nun renovado rol masculino» e o seu colega Xabier Martínez Rolán convidanos a un «xogo» para diagnosticar «déficit de coidados» nas tarefas do fogar. O estudante Yago Fernández pregúntase como os modelos consumidos na industria cultural lles afectan a el e ás relacións que constrúe, e o investigador Óscar Penín reivindica que «debemos cuestionar o que significa ser home e entender que hai moitas formas de selo». Unha delas é ser un home feminista e comprometido cun mundo máis xusto e igualitario.

# DECEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
47	25	26	27	28	29	30	1
48	2	3	4	5	6 <small>Día da Constitución</small>	7	8
49	9	10	11	12	13	14	15
50	16	17	18	19	20	21	22
51	23 / 30	24 / 31	25 <small>Día de Nadal</small>	26	27	28	29

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

Suxestión

Test «¿Qué tan machirulo soy?»




---

---

---

---

